

NOVAS DA OFICINA DE EMPREGO (SPEG) PARA OS DEMANDANTES

A partir do 1 de xaneiro de 2021 poderás renovar a túa demanda de emprego:

1. A través da **Oficina virtual do Portal de Emprego de Galicia** (emprego.xunta.gal), á que podes acceder co teu certificado dixital, DNI-e ou solicitando o usuario e contrasinal nunha oficina de emprego.
2. Desde o teu **teléfono móbil** a través da aplicación **Mobem**, dispoñible para Android e iOS.
3. Empregando o teu **PIN de 4 díxitos no portal <https://emprego.xunta.gal>** ou mediante unha **chamada telefónica ao número 012 (981 900 643)**.
4. Nos **Puntos de información dos concellos ou das oficinas de emprego**, mediante a impresión dactilar ou PIN. A localización dos Puntos de Información a podes consultar no teléfono 012 ou no Portal de Emprego de Galicia

Emprego Galicia segue a fomentar e ampliar os seus servizos non presenciais, a través do Portal de Emprego, a Oficina virtual (<https://emprego.xunta.es/ofivir>), os Puntos de información e a aplicación para teléfonos móbiles Mobem. Podes xerar ou restablecer o contrasinal de acceso á dita Oficina virtual a través do enderezo de correo electrónico ao que che enviamos esta mensaxe.

Para o caso de que necesites unha atención presencial, lembra que deberás solicitar unha cita previa na túa oficina de emprego da Xunta de Galicia, no seguinte enlace do portal: <https://emprego.xunta.es/citaprevia>

Máis información:

Para o caso de necesitar máis información contacta co 012 (981 900 643) ou coa túa oficina de emprego (<http://emprego.xunta.es/buscador-oficinas>).